Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de
22 XUL. 2016
Certifico:
O Secretario, p.d.

ADENDA AO PROTOCOLO ASINADO O 18 DE MARZO DE 2015 ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A COMPAÑÍA HIJOS DE RIVERA, S.A.U.

A Coruña, 22 de xullo de 2016

REUNIDOS

O Excmo. Sr. Don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, Alcalde-Presidente, e representante legal do Concello da Coruña segundo o establecido no artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Don Ignacio Rivera Quintana, DNI 32763723 Q, Conselleiro Delegado da entidade Hijos de Rivera, S.A.U., con CIF A-15002637, domiciliada na rúa José María Rivera Corral, 6, 15008-A Coruña (en adiante, a Empresa).

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas e recoñécense reciprocamente capacidade legal suficiente para a formalización da presente Adenda e, para tal efecto,

EXPOÑEN

I. Correspóndenlle ao Concello da Coruña como competencias propias, segundo o disposto no artigo 12 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, todas as facultades que lle son atribuídas nela na materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, de conformidade co artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de acordo coa súa letra l) a promoción do deporte e instalacións deportivas, co carácter de servizo obrigatorio para as de uso público (artigo 26).

II. A Empresa solicitou o 8 de marzo de 2015 deste Concello que se lle indicase se é xuridicamente posible que os solos cualificados no vixente PXOM da Coruña como parque deportivo e como equipamento, cunha superficie aproximada de 12.000 m2, poidan chegar a albergar o proxecto industrial de ampliación das súas instalacións e, no caso afirmativo, interesou que o Concello encetase o procedemento administrativo con dita finalidade.

III. Logo de estudada a petición formulada pola Empresa e da emisión dos informes técnicos e xurídicos, mediante Decreto do Alcalde do 12 de marzo de 2015, aprobouse o texto dun Protocolo entre o Concello de A Coruña e a citada Empresa,

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de
22 XUÑ. 2016
Certifico:
O Secretario, p.d.

que se asinou en data 18 de marzo de 2015 (Anexo I). O obxecto do Protocolo consistiu en promover unha modificación puntual do PXOM, para atribuír o uso industrial a unha parcela de equipamento municipal no polígono de A Grela-Bens e o seu posterior alleamento, e atribuír o uso de espazos libres e equipamentos públicos a outros solos que o Concello considerase viables e mais aptos.

IV. Con data 11 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local aprobou, de conformidade cos artigos 46, 60 e 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, un borrador de modificación puntual do PXOM e o documento de inicio, para encetar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

V. O 18 de abril de 2016 foi emitido, pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, o informe ao que se refire o artigo 60.4, en relación co 83.5, da Lei autonómica 2/2016, do 10 de febreiro. E o 3 de xuño do 2016 emitiuse pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia o seu informe ambiental estratéxico.

VI. Ambas partes, de común acordo, consideran necesario, para o bo fin da actuación, modificar as Cláusulas Segunda e Terceira do referido Protocolo, a fin de concretar os compromisos asumidos polas partes asinantes, así como a Cuarta, relativa ao período de vixencia e extinción do Protocolo.

Por todo o exposto

ACORDAN

PRIMEIRO.- Modificación da Cláusula Segunda do Protocolo, "Compromisos do Concello"

A Cláusula Segunda do Protocolo queda redactada como segue:

"Cláusula Segunda: Compromisos do Concello

1.- O Concello de A Coruña comprometese a tramitar unha modificación puntual do PXOM co obxecto de atribuír aos terreos municipais identificados no expositivo PRIMEIRO, actualmente cualificados como espazo libre público deportivo e como equipamento público, a cualificación de solo (coa categoría de urbano consolidado) industrial-comercial apto para o uso que se propón, mudando así, automaticamente, de bens demaniais a bens patrimoniais.

Dita modificación puntual tramitarase polo Concello incorporando as previsións urbanísticas que sexan necesarias para o efectivo cumprimento deste Protocolo, sen

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de
22 XULL. 2015
Certifico:
O Secretario, p.d.

que por iso quede condicionado en modo ningún o exercicio da súa potestade de planeamento.

2.- O Concello comprométese a iniciar, nun prazo no superior a tres meses dende a entrada en vigor da modificación puntual do PXOM, o procedemento para o alleamento mediante poxa da parcela municipal, logo da súa depuración física e xurídica.

SEGUNDO.- Modificación da Cláusula Terceira do Protocolo, "Compromisos de Hijos de Rivera, SAU"

A Cláusula Terceira do Protocolo queda redactada como segue:

"Cláusula Terceira: Compromisos da Empresa

1.- A Empresa comprométese a participar na poxa dos terreos municipais descritos no Expositivo Primeiro, no procedemento público e en libre concorrencia que o Concello licitará, unha vez que estean cualificados como solo industrial-comercial, coa aceptación expresa dun tipo de licitación de saída de 3.539.330,59 € (IVE non engadido), segundo a taxación municipal da parcela.

2.- A Empresa acepta, así mesmo, facerse cargo, en caso de resultar adxudicataria da parcela, dos importes derivados dos seguintes gastos:

a) Os gastos e cargas derivados da recuperación nunha nova localización do campo de fútbol existente na actualidade nos terreos municipais: custo do proxecto de execución e o das obras de construción do novo campo de fútbol de Eirís (EG-10): 1.259.915 € (IVE engadido)
b) O custo das expropiacións necesarias para que o campo de fútbol acade as dimensións regulamentarias: 39.068,93 €
c) O custo do proxecto e da reposición do viario de Eirís (VL-10): 91.030,91 € (IVE engadido)

3.- A Empresa comprométese, no caso de resultar adxudicataria, a facerse cargo dos custos de extinción da concesión existente sobre parte da parcela municipal na Grela, así como a completar a urbanización do vial-9, fronte da parcela á rúa José María Rivera Corral.

4.- A Empresa asume o compromiso, para o caso de resultar adxudicataria da parcela, de manter a súa actividade industrial no termo municipal de A Coruña e a desenvolver o proxecto de ampliación das súas instalacións industriais nos terreos correspondentes á licitación, para o que solicitará as licenzas e autorizacións precisas, nos prazos que se establezan no prego de condicións para o alleamento.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de
22 XULLO 2016
Certifico:
O Secretario, p.d.

5.- Estas condicións e cargas figurarán nos pregos de licitación que no seu día se aproben".

TERCEIRO.- Modificación da Cláusula Cuarta do Protocolo, "Vixencia e extinción do Protocolo"

A Cláusula Cuarta do Protocolo queda redactada como segue:

"Cláusula Cuarta: Vixencia e extinción do Protocolo

1.- O presente Protocolo estenderá os seus efectos durante un período de trinta (30) meses, a contar dende o momento da súa firma, podendo prorrogarse por acordo entre as partes que, acordo que se formalizará mediante unha ou más adendas por todo o tempo necesario para o cumprimento das actuacións previstas nel.

2.- O presente Protocolo extinguirase en caso de acordo entre as partes e, ademais, polas seguintes causas:

1ª. Se a modificación puntual do PXOM non obtén a aprobación definitiva ou non entra en vigor no prazo sinalado, mais as súas prórrogas, no seu caso.

2ª Se o procedemento de alleamento das parcelas de uso industrial comercial resultantes da modificación non comezase no prazo previsto na Cláusula Segunda, apartado 2.

3ª. Se HIJOS DE RIVERA, S.A.U. non resultase adxudicataria na licitación convocada.

A resolución do Protocolo polas causas enumeradas non xerará responsabilidade ningunha para as partes asinantes".

CUARTO.- Inclusión dunha disposición adicional única no Protocolo.

Inclúese unha disposición adicional única no Protocolo, coa seguinte redacción:

"Disposición adicional única. Norma Zonal 6.2 do PXOM de A Coruña.

Nos últimos tempos viñéronse detectando diversos problemas e incidencias relacionados especialmente cos usos perimetrais e accesos das parcelas ás que resulta de aplicación a Norma Zonal 6.2 -Industrial-Comercial (Polígono A Grela-Bens)-.

Neste contexto, o Concello obrígase a iniciar o estudio e a análise da viabilidade e procedencia de tramitar unha nova modificación do PXOM de A Coruña que, entre outros extremos, mellore a regulación de dita Norma Zonal 6.2, entre outros extremos,

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de
22 JUL. 2016
Certifico:
O Secretario, p.d.

no tocante aos usos perimetrais e accesibilidade ás parcelas incluidas no ámbito de aplicación de dita Norma Zonal.

Lido o presente documento polas partes, atópano conforme e asínano no lugar e data expresados no encabezamento.

POLO CONCELLO DE A CORUÑA

Asdo.: Xulio Xosé Ferreiro Baamonde

POR HIJOS DE RIVERA S.A.U.

Asdo.: Ignacio Rivera Quintana

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA E
DEREITO Á VIVENDA
Departamento de Planeamento
63110I00TH 631/2016/220
Exp.: EXC-23/16

MARÍA EUGENIA VIEITO BLANCO, Secretaria da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de A Coruña

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión realizada no día de hoxe, adoptou, entre outros, o acordo que copiado do borrador do Acta é do seguinte tenor:

"PRIMEIRO.- Aprobar o texto da "ADENDA AO PROTOCOLO ASINADO O 18 DE MARZO DE 2015 ENTRE O CONCELLO DE A CORUÑA E A COMPAÑÍA HIJOS DE RIVERA, S.A.U.".

SEGUNDO.- Autorizar ao Excmo. Sr. Alcalde para asinar o anterior documento en representación do Concello de A Coruña.

TERCEIRO.- Incorporar o texto da adenda, unha vez asinado, ao expediente da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no Polígono de A Grela–Bens, Fábrica de Armas de A Coruña e Parque de Eirís, previamente a súa aprobación inicial.

CUARTO.- Autorizar ao Tenente de Alcalde de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, para levar a cabo as actuacións que resulten oportunas para a materialización dos compromisos adquiridos polo Concello, que resulten da súa competencia".

E para que conste, expido a presente, ao amparo e coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e a resultas do texto definitivo do Acta.

A Coruña, 22 JUL. 2016